

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 12 DE MAIO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA ACCIDENTAL:

D^a Sonia Machín Herranz

SECRETARIA XERAL:

D^a. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e cinco minutos do día doce de maio do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D^a Sonia Machín Herranz e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 5 DE MAIO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 5 de maio de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 5 de maio de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais da excma. Deputación provincial da Coruña, aprobación da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 para o financiamento de investimentos sostibles. BOP número 83, de 06-05-2026.

- Escola Galega de Administración Pública, Resolución de 24 de abril de 2026, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de planes de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2026, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (código de procedemento PR780A). DOG número 84, de 07-05-2026.
- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Orde de 27 de abril de 2026, pola que se establecen os criterios de distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado á realización de investimentos en infraestruturas municipais de carácter estratéxico, previsto na letra a) do artigo 60.cinco da Lei de orzamentos xerais para 2026 (código de procedemento PR486E). DOG número 85, de 08-05-2026.
- Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, Resolución de 8 de maio de 2026, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE número 115, de 12-05-2026.

3.- PROPOSTAS

ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROGRAMA DE TRABALLO, DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS PRESENTADOS POLA EMPRESA “EULEN, S.A.”, PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA “REFORMA DEL PARQUE INFANTIL SITUADO EN RÚA FRANCISCO RODRÍGUEZ (CAMBRE)”. EXPEDIENTE: 2024/C003/000004.

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 6 de maio de 2026 (CVD: TiVr15DaVohEmlQmGebu), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación co número 2024/C003/000004 para a execución da obra “Reforma del parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez (Cambre)”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de marzo de 2026 polo que se adjudicou a obra á empresa “EULEN, S.A.” polo prezo de 100.438,87 euros sen IVA € (121.531,03 euros IVA incluído), cun prazo de execución da obra de 6 meses, formalizándose o contrato administrativo con data de 16 de marzo de 2026.

Visto o Programa de traballo presentado pola empresa adjudicataria “Eulen, S.A.”, con número de rexistro de entrada (202699900002336), de data 19 de abril de 2026.

Vistos o Plan de Seguridade e Saude e o Plan de Xestión de Residuos presentados pola empresa adxudicataria “Eulen, S.A.”, con número de rexistro de entrada (202699900002634), de data 28 de abril de 2026.

Visto o informe favorable emitido con data de 5 de maio de 2026 (CVD: Xpxis5b6Mv3PZ0s9Ujn1) polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Rubén Jiménez Paradelo, no que entre outras cousas di:

(...)

*Tras revisar o prazo de execución da obra de referencia, fixado en SEIS (6) MESES, segundo consta na cláusula cuarta do contrato administrativo de execución da obra e no epígrafe seis do cadro de características do contrato do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), así como o programa de traballos presentado polo contratista (rexistro de entrada nº 202699900002336, de data 19/04/2026), en aplicación da cláusula 18.2 do citado PCAP; e vistos o Plan de Seguridade e Saúde achegado pola empresa contratista (rexistro de entrada nº 202699900002634, de data 28/04/2026), de conformidade co disposto no artigo 7.2 do Real Decreto 1627/1997, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción; así como o Plan de Xestión de Residuos presentado pola mesma (rexistro de entrada nº 202699900002634, de data 28/04/2026), que se considera conforme ao disposto no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, e á Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** a documentación presentada e, en consecuencia, propónse para: • Elevalo ao Órgano de Contratación para proceder á súa aprobación.*

- Elevarlo al Órgano de Contratación para proceder a su aprobación.

(...)

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 391/2025, do 30 de abril, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Programa de Traballo, o Plan de Seguridade e Saúde e o Plan de Xestión de Residuos presentados pola empresa “Eulen, S.A.”, para a execución da obra denominada “Reforma del parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez (Cambre)”. (expediente: 2024/C003/000004).

Segundo: Notificar este acordo á empresa “Eulen, S.A.”, empresa adxudicataria do contrato.

Terceiro. Dar traslado do mesmo ao responsable do contrato e director da obra, para os efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante a sección do Contencioso Administrativo do Tribunal da instancia da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 6 de maio de 2026 (CVD: TiVrI5DaVohEmlQmGebu), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende as 15,20 horas do día 29 de abril ao 7 de maio 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 333/2026 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 348/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
333/2026	29/04/2026	Aprobar a nómina do mes de abril de 2026 cun importe total de retribucións brutas 310.863,45 euros
334/2026	30/04/2026	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a adopción do acordo de non división en lotes dos investimentos incluídos no Plan de cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026”. Non dividir en lotes os investimentos obxecto dos proxectos e que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2026, Denominación do investimento “PBE Mejora funcional del Paseo de los Templarios. Cambre. Fase1” actualizado 2026 “PBE Reforma integral de la plaza Fernando Buesa” actualizado 2026 Acondicionamiento de local municipal con destino a archivo municipal. Non dividir en lotes o investimento “Mejora de caminos municipales en Cambre, Anceis, Sigrás y otros. Cambre 2026”
335/2026	30/04/2026	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a adopción do acordo de non división en lotes dos investimentos incluídos no Plan de cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026”. Non dividir en lotes os investimentos obxecto dos proxectos e que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2026, Denominación do investimento “PBE Mejora funcional del Paseo de los Templarios. Cambre. Fase1” actualizado 2026 “PBE Reforma integral de la plaza Fernando Buesa” actualizado 2026

		Acondicionamiento de local municipal con destino a archivo municipal. Non dividir en lotes o investimento "Mejora de caminos municipais en Cambre, Anceis, Sigrás y outros. Cambre 2026". (Duplicado)
336/2026	30/04/2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de maio de 2026
337/2026	04/05/2026	Acceder ao solicitado e remitirle a MDPL a copia da documentación complementaría da modificación do proxecto da obra "Mellora funcional e accesibilidade do Parque Ramón Barba, fases 1 e 2", presentado no rexistro rexal de entrada, en data de 7 de maio de 2026
338/2026	05/05/2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MCBC
339/2026	05/05/2026	Conceder a licenza municipal solicitada para a substitución dun apoio de formigón existente no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre, por outro apoio de celosía, co fin de mellorar a calidade da subministración de enerxía eléctrica- Solicitante: UFD DE, SA
340/2026	05/05/2026	Expedientes sancionadores de tráfico
341/2026	06/05/2026	Aprobar a autorización e disposición do gasto complementario en concepto de liquidacións de recargo por presentación fóra de prazo do modelo 111 de Retencións e ingresos a conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de rendas correspondente ao período de decembro de 2025, polo importe de 604,43 euros
342/2026	06/05/2026	Asignar temporalmente á auxiliar administrativa da Axencia de Desenvolvemento Local CCL ás funcións e tarefas propias do posto de traballo de auxiliar administrativo do departamento de Servizos Sociais cando sexa requirido para iso, dadas as necesidades de persoal existente no departamento de Servizos Sociais
343/2026	05/05/2026	Conceder a licenza para a rehabilitación e ampliación da vivenda unifamiliar sita no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre. Solicitante: LRS
344/2026	07/05/2026	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización destinada á mellora da subministración de enerxía eléctrica da vivenda unifamiliar sita no lugar de San Paio, parroquia de Brexo. Solicitante: AFG
345/2026	07/05/2026	Convocar sesión extraordinaria do Pleno municipal para o xoves 21 de maio de 2026, ás 09:00 horas
346/2026	07/05/2026	Comparecer no procedemento abreviado, demanda formulando recurso contencioso-administrativo, interposta por JLGC contra o Concello de Cambre, sobre cuestións de persoal, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 4 da Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da excma. Deputación Provincial
347/2026	07/05/2026	Conceder a licenza municipal solicitada para a instalación dun poste

		destinado a proporcionar servizo de comunicacións electrónicas á edificación sita no lugar do Pastel, parroquia de Pravio. Solicitante: TdeE, SAU
348 /2026	07/05/2026	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao primeiro trimestre de 2026, no que constan 12.848 recibos por un importe de 632.560,77 euros

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo